

¡Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte, ago-
(ra,
mañán... na vida e na
(morte!

R. CABANILLAS

A nosa terra

Ano XXX



BOS AIRES, XUÑO 1946



Núm. 448

**PRINCIPIOS DO
GALEGUISMO**
1 - Galicia, unidade cul-
tura.
2 - Galicia, pobo autónomo
3 - Galicia, comunidade
cooperativa.
4 - Galicia, célula de uni-
versalidades.

O Crimen das Democracias

Despóis dunha serie de inci-
dencias, de informes e de en-
mendas, a proposta do delegado
polaco para romper con Franco,
foi rechazada polo Consello de
Seguridade das Nacións Unidas;
pero quedou no temario do dito
Consello á espera de que alguén
a rescute, ou poida ser tratada
pol-a Asamblea Geral, que se
reunirá en setembro próximo.

Quere dicir que as cousas con
respeito a Hespaña seguirán co-
mo estaban, ao menos ese é o
desexo aparente da maioría do
Consello de Seguridade.

Esto é que se fixo unha gue-
rra para destruír o nazifeixis-
mo, y éste sigue imperando no
mundo. E precisamente no país
que foi avasallado pol-os capito-
ses totalitarios para impoñer a
un aventaxado discípulo.

A política de apaciguamento
volve a estar de moda. Nós
creíamos enterrada xa para sem-
pre esa política desventurada, e
resulta que florece con máis vi-
gor, si cadra, que denantes.

¡E para chegar a esta situa-
ción sostívose unha guerra tan
cruenta! ¡Cán lexos estamos da-
queles días en que Inglaterra de-
batíase desesperadamente, no
meio dos ataques xermáns, e pe-
día axuda aos demócratas do
mundo enteiro para salvar a li-
bertade!

Estonces falábase a boca chea
dos dereitos humanos, de liberta-
de dos povos, da carta do Atlán-
tico, de tantas cousas que oxe es-
tán esquecidas. As democra-
cias, as impolutas democracias,

ían a converter a terra nun ver-
dadeiro paradiso. Non se consen-
tirían máis inxustizas nin se
permitirían máis tiranías.

"En ningunha parte tolerare-
mos — decían con voz campa-
nuda os grandes estadistas — un
gobierno feixista".

Pero agora non é o mesmo.
Pasou o medo aos alemáns.
Aquela xente que ofrecía todo
ou case todo por salvarse, paré-
celle moito o que prometeu nos
momentos críticos. Fai como os
malos pagadores, que sempre

han de buscar unha volta para
non cumprir cos seus comprome-
sos.

Agora hai que gardar ben os
cartiños na ucha; os cartiños
que estiveron a punto de per-
derse. ¡Qué susto nos deron esos
condenados "boches"! ¡Malía a
súa torpeza e a súa ambición
desmedida! ¡Qué necesidade ti-
ñamos nós de ter por aliada á
nación que quixéramos ver des-
truída!

Así pensan os que volven a
erguel-a cabeza, que habían es-
condido no burato do avestruz.
E coa meirande impudicia bor-
rran co codo o que en outro tem-
po escribiron coa man. Teñamos
piedade por esa taifa desalmada,
hipócrita, que invocando un cris-
tianismo falso, moi cheo de ver-
bas rimbombantes, soio ten en
conta os seus ingresos, as súas
accións, o seu egoísmo incorre-
xibel, que a perderá, como en
total-as ocasión en que non sou-
po perder algo para conservar
algo. Non quere perder nada,
pois perderá todo.

A aitude que as democracias
mantíñen ante o caso de Hes-
paña, é verdadeiramente crimi-
nal. Sacrificar a un povo, que
tan valentemente loitou pol-os
mesmos ideas de liberdade, que
defenderon Inglaterra e Norte-
américa na loita contra o nazi-
feixismo, e sencillamente mon-
struoso.

¿En nome de que lei consin-
ten esas mesmas nacións, que
tanto falan de democracia e de
libertades humanas, que haxa un
povo tiranizado por un títere
dos desaparecidos caudillos do
totalitarismo feixista? ¿Acaso
non saben que soio porque oxe
son as máis fortes, ese mesqui-
ño enxendo préstase a ser un
criado delas? ¿Pero é posíbel
que non haxa un xesto diño que
repáre a inxustiza cometida no
ano 36 contra o povo hespañol,
e continuada agora nunha for-
ma asqueante?

¿Hastra cando durará o mar-
tirio do noso povo?

OUTRO REI QUE SE ESFUMA

Malos ventos corren para as
monarquías. Os belgas non que-
ren que volva a ocupar o trono
o rei Leopoldo; Yugoslavia pro-
clamou a república; en Grecia
espérase o plebiscito que decidi-
rá o réximen; Rumania e Bul-
garia supóñense antimonárqui-
cas, e por último, Italia decideu-
se pol-a república.

O caso de Italia é moi siñi-
ficativo. A pesares da influencia
do Vaticano, que amenzou coa
excomunión aos que votasen
pol-os partidos anticlericais, e
apesares da presenza das trop-
as angloamericanas, que tiñan
sumo interés en salvar a
monarquía, o trunfo foi da re-
pública por máis de dous millóns
de votos de ventaxa.

O rexente do reino, Humber-
to, non quería entregar o man-
do, baseado en triquiñuelas curia-
lescas. Esperaba quizais que se
produxera algún movemento in-
surreccional que o sostuvera no
trono, como o anunciaban os su-
cesos de Nápoles; pero, afortu-
nadamente, a sensatez primou
nos conselleiros do aspirante a
rei, y éste marchouse a Portu-
gal nun avión, que fixo escala
en Barcelona.

Non debe estar moi tranqui-
lo o caudillo hispano ante estos
acontecimentos, pois anque él
non é rei... nin Roque, o ven-
daval que azouta ás testas co-
roadas pode chegar tamén á súa,
anque non teña coroa.

Tarde ou cedo, Hespaña go-
zará das auras benéficas que co-
rren por Europa, e ninguén será
capaz de impedir que se cumpla
a sentença que xa está dada
pol-a concencia honrada do
mundo.

se desmorona; pode dicir to-
dal-as mentiras que lle dé a ga-
na; pode perseguir, encarcerar,
matar... non haberá salva-
ción para él, para o malvado e
ruín aborto que caeu como a
meirande calamidade sobor da
nosa patria.

Vése perdido, e dalle unha fu-
ria que o cega e o incita a se-
guir polo camiño que o condu-
cirá a ponla onde ha de pendu-
rar, para escarmiento de traido-
res e malandríns. A sentença
está dada; non tardará a exe-
cución.

Espasmos Agónicos

Recrudescéronse en Hespaña
as persecucións a todol-os que
non pensan como os governan-
tes feixistas. Parecera que o ter-
ror que eles sintén diante do
carís que vai tomando o caso
hespañol no mundo, quixéranllo
transmitir aos seus inimigos, que
son case todos os que se atopan
naquel inferno.

De continuo leemos na prensa
a formación de consellos de gue-
rra para xusgar a persoas polo
grave delito de reunirse a fin de
tratar asuntos gremiais ou de
reorganización de partidos. Polo
visto, os anuncios de que Hes-
paña habíase convertido nunha
verdadeira democracia, unha de-
mocracia integral, como di o cí-
nico definidor de doutrinas e
fracasado fecedor de imperios,
era soamente unha broma de
señorito chulo, que quería bul-
rarse dos papanatas que o to-
man en serio.

Por máis que nós creemos que
non houbo ninguén, nin os seus
propios partidarios, que foran

tan simples como para facer ca-
so das súas verbas enganosas.
Os que aparentaron creelo eran
máis sin vergonzas que él mes-
mo.

Esta nova racha de encarcela-
mentos e condenas a morte, fai-
nos pensar que non deben ir moi
ben as cousas en Hespaña para
o Caudillo e os seus amigos.
Querrá desa maneira asustar
aos que valentemente, con eis-
posición da súa liberdade e da
súa vida, traballan na sombra
para derrumbar ao tirán, que xa
sintén os estremecimentos precur-
sors da morte.

Debe estar moi aterrado este
maldecido enxendo feixista,
pensando nas que ten que pa-
gar por tantas atrocidades como
pesan sobor da súa ialma. O
momento de rendir contas vai-
se acercando, e o espectro das ví-
ctimas érguese vengador cla-
mando xustiza.

De nada lle valdrán os equi-
librios nin as artimañas para
conservar unha situación que xa

O Apoliticismo do Centro Galego

Con motivo da chegada do
"Galicia", o barco feixista que
arribou a estas praias para ver-
gonza nosa, a Comisión Direiti-
va do Centro Galego cometeu o
agravio meirande que se pode
inferir aos socios que a elixiron.

Cando se celebraron as elei-
cións que derrotaron a lista da
agrupación "Galicia", tildada de
falanxista, e trunfo a que en-
cabezaba o señor Neira Vidal,
apoiado pol-as agrupacións "Cel-
ta", "A Terra" e "Unión Gale-
ga", a victoria debeuse a que
estas entidades declaráronse re-
publicanas, como asimesmo os
candidatos presentados por elas.

Dende entón acá, total-as elei-
cións do Centro Galego foron ga-
ñadas a base de propaganda re-
publicana; e si algún dos candi-
datos era acusado de franquista,
íaa a buscar o seu aval ao Centro
Republicano. Podería haber al-
gún membro feixista, pero a
maor parte da comisión respon-
día sempre ao ideal republicán.

Esto siñificaba, sen dúbida al-
gunha, que a gran maioría dos
asociados tiña un sentimento li-
beral e democrático, que os mes-
mos feixistas eran os primeiros
en recoñecer, até o punto de
aceptar imposicións contrarias
ao seu credo, con tal de ser ele-
xidos.

Non embargantes, os que así
se camuflaban con pel de ovella,
non perdían ocasión para sa-
cal-as uñas e mostrar a súa ver-
dadeira condición. Pouco a pou-
co, coa paciencia das formigas,
ían conquerindo posicións. Pri-
meiro izaron a bandeira monár-
quica, despóis deixaron de poñer
a galega; trataron varias veces
de achegarse a embaixada fran-
quista por meio de distintas ma-
niobras, fracasadas todas pol-a
vixilancia dos republicáns, e fi-
nalmente, cometeron a infamia
de adherirse á recepción dos en-
viados do moderno don Opas.

E aínda máis: invitaron e re-
cibiron no local sagro da socie-
dade, puro hastra agora, ao ase-
ñado dos nosos irmáns do Ferrol.
A sombra dos nosos mártires
—Bóveda, Casal, Quintanilla e
tantos outros— estremeceríase
de carraxe si poidera contem-
prar tanta infamía.

Para disculpar esta vileza, dí-
cese que o Centro Galego é unha
institución apolítica e que os
agasallados eran da nosa propia
sangue.

Pero, si o Centro Galego é apo-
lítico, ¿para qué se invoca no in-
tre das eleccións o espírito repu-
blicán dos asociados? E si é cer-
to que os agasallados, eran no-
sos irmáns, nós renegamos de tal
estirpe.

Ademáis, supoñendo que fora
verdade ese apoliticismo, aplica-
do según a lei do embudo, o Cen-
tro debera de facer unha decla-
ración recoñecendo ao Consello
de Galiza e ao goberno republi-
cán de Xiral. Desa maneira de-
mostraría a súa imparcialidade.
Así encenderíalle unha vela a
Deus e outra ao demo.

En este noxoso asunto non é
tanta a culpa dos feixistas, que,
despóis de todo están no seu pa-
pel, como a dos chamados gale-
guistas e republicáns. Sobor des-
tes homes, cobardes e sen ideas,
debe caer toda a indifinición das
xentes honestas. Eles son os ver-
dadeiros, os únicos culpables de
que se haxan producido tan ver-
gonzosos feitos.

Para lavar esta mancha, sería
necesario que todol-os bós repu-
blicáns de "Celta", de "A Terra",
e aínda de "Galicia" romperan
o maridaxe infamante que teñen
feito cos falanxistas e formaran
xunto cos de "Unión Galega",
unha nova agrupación puramen-
te republicana, que presentara
loita nas próximas eleccións aos
que denigran a nosa coleditida-
de. Se non fan esto, son tan bós
como os outros.

Sentimos na ialma decir estas
verdades; pero é mester desper-
tar a concencia de tantos amigos
que, vítimas dun confusiónismo
de mala fe, fanlle o xogo aos que
soio se preocupan de saber de on-
de ven o vento.

E si algún se incomoda e se
vai da nosa compañía, non-os vai
a entristecer nin res. Ao contra-
rio, sentiremos unha grande le-
dicia, porque verémosnos libres
dun mal irmán. A nós nonnos im-
porta a cantidade; interéanos
únicamente a conduta. Nada
máis.

A totalidade das orgaizacions politicas ga- legas de México eispresan seu apoio a Castela

México, junio 9 de 1946.-

CASTELAO:

Entregado hoy escrito Giral firmado organizaciones galle-
gas Ugeté, Socialista, Unión Republicana, Juventudes Socialistas,
Republicanos Gallegos, Agrupación Gallega Pecé y Galleguista ex-
presando satisfacción reconocimiento Galicia nombramiento usted.
Igual escrito presentaron sindicalistas gallegos. Abrazos

DURÁ

Memoria da Irmandade Gaiega do 1945-1946

MEMORIA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 1945-1946

D-acordo co prescrito polo noso Regulamento e tal como o costume n-estes casos, presentamos a consideración dos irmandíños un resúmen da laboureira feita por esta X. D.

Como vededes o exercicio que vices a enxeñaría é un dos máis interesantes na vida de galeguismo activo dos emigrados. Circunstancias especiais fixeron d-esta período unha xornada de eisección. A creación do Consello de Galiza, e as circunstancias en que aiste lle tocou actuar, prantexamos unha geric e or blemas inherentes a nosa condición de loitadores pola liberdade da Terra. Por fin cumprírase unha das arelas máis acariciadas pol-os galegos: concretar n-un organismo a dirección política da galeguidade. E incuestionabel que esta Irmandade tiña necesariamente que prestar ao Consello de Galiza o seu apoio incondicional, e esta X. D. crece haber cumprido con esta finalidade esencial con toda honradez e dedicación.

CONMEMORACION DO IX ANIVERSARIO DO PLEBISCITO E HOMAXE AO CONSELLO DE GALIZA EN MONTEVIDEO

Ao facerse cargo dos seus postos os membros d-ista Xunta, estaba prantexado xa pol-os irmáns de Montevideo tributar n-aquela cidade un grande homaxe ao Consello de Galiza e conmemorar o IX aniversario do plebiscito.

A nosa irmandade tomou parte na organización dos actos colaborando en forma destacada na Comisión Auxiliar creada en Bos Aires. E de todos coñecido o éxito alcanzado por aquela conmemoración a que concorreron de Bos Aires 206 persoas en caravana organizada pola Comisión Auxiliar. Foi iste un acontecemento de moita trascendencia, no que se levou a cabo un banquete ao que asistieron muy cerca de dous mil comensales e un grande acto no Ateneo (unha das millares in-titucións culturais de Sud-América) en donde o noso Castellao, Presidente do Consello de Galiza, e os conselleiros Antón Alonso Ríos e Villaverde pronunciaron eloquentes discursos. Do discurso dito polo noso líder, esta Irmandade fixo imprimir 10.000 exemplares que foron repartidos entre os irmáns d-América, d-Europa e incluso de Galiza, merecendo en todas partes concitos eloxiosos.

Podemos afirmar que os actos de Montevideo foron un auto espónteo do patriotismo e vontade dos emigrados galegos.

HOMAXE A BERNARDINO RIVADAVIA

Fai tempo que a nosa colectividade tiña unha deuda con iste patriota argentino. Rivadavia, "El más grande hombre civil de la tierra de los argentinos", como dixera Bartolomé Mitre, era fillo de galegos e e timaba a Galiza, terra dos seus pais, como o proba o feito de que cando os eriollos houberon de facer frente as invasións inglesas se alistase no batallón de Galegos onde acadou o grado de teniente.

Por iniciativa de nosa Irmandade a

colectividade tributoulle un homaxe no seu aniversario, que como se sabe, consistiu n-un acto no que foi recordada a súa figura polo ilustre historiador argentino Enrique de Gandia, e na colocación d-unha placa de bronce no Instituto de enseñanza que leva o seu nome.

BANQUETE EN HOMAXE AO DR. GUMERINDO SANCHEZ GUISANDE

Ista X. D. xugou necesario i-opor-tunol tributar unha demostración d-simpatía ao Prof. Dr. G. Sánchez Guisande, ilustre compatriota que forma nas fias da nosa Irmandade coma figura señeira pol-os moitos servizos prestados a Patria e sobor de todo pol-a súa lealdade a causa da liberdade da Terra, con motivo da publicación de seu libro "Historia de la Medicina". Con tal motivo formouse unha Comisión encargada de organizar un banquete o que tivo lugar o 2 de novembro e resultou un grande éxito. Aheríronse as principais entidades da colectividade e moitas do interior e do Uruguay de donde viñeron delegacións especiais pra asistir ao acto, creemos acadou iste banquete a categoría que merece o ilustre homenaxeado pol-os meritos que deixamos espósitos.

HOMAXE AO PRESIDENTE DA IRMANDADE DE MENDOZA IRMAIN MANUEL CACHEIRO REI

Con motivo da estada n-esta cidade do irmán M. Cacheiro Rei i-a súa do-na, esta Irmandade organizou, coa premura dos circunstancias un banquete que se fixo no "Pazo Galego", o que estivo moi concorrido e que ademais foi todo un éxito polo auto espónteo de fraternidade que reinou entre os concurrentes.

CENTENARIO DOS MARTIRES DE CARRAL

Cumpríase no mes de abril derredor o centenario da Revolución Galega do 46 que epilogou tráxicamente cos fusilamentos e Carral. A colectividade de galega tiña forzosamente que lembrar iste feito e organizou un acto ao que a Irmandade non soio se adheriu senón que tomou parte n-el, o cal por ser tan recente non fai fallo reseñar.

IRMANDADES DO INTERIOR DO PAIS E DO URUGUAI

Ista X. D. prestou grande atención no movemento irmandiño do interior do país e do Uruguai. Mantúvose sempre en contacto coas Irmandades de Montevideo, Rosario, Mendoza, etc., máis e tá senalar que istas entidades irmáns erresponderon patrioticamente as nosas consultas e marcharon ao unisono con nos en todolos casos.

Iste ano debemos coñecer compracidos a organización autónoma dos irmandiños de Mendoza, que denantes constituían un grupo afiliado directamente a nosa Irmandade e agora constituiron a súa entidade propia, que iniciou a súa vida autónoma d-un xeito autamente patriótico, imprimindo aos seus actos un marco de distinción e bo gusto.

Durante iste ano, ademais da visita do irmán M. Cacheiro Rei, tivemos as dos irmáns de Montevideo señores Luna, Mellán etc. e de Rosario a do grande galeguista Ares Miramontes. Ista visitas deron lugar a significativos actos de confraternidade patriótica.

RELACIONES COA COLECTIVIDADE GALEGA

Iste é un punto que merece a preferente atención d-ista Xunta. En todo momento procuramos un meirande acercamento coas sociedades irmáns, e hoxe podemos afirmar que nos unen con toda a colectividade emigrada vellelos de verdadeira amizade patriótica. A "Federación de Sociedades Gallegas", o "Centro Orensano", "Pontevieiras" e "Coruñes", a Sociedade de Coreubión, e moitas outras entidades, manteñen con nos unha verdadeira corrente de simpatía que se traduce en amplias coincidencias na laboureira patriótica a que e tamos entregados. Son moitas xa as oportunidades en que esta nosa afirmación foi posta a proba con resultados verdadeiramente positivos; e ista unha das facetas da nosa tarefa que máis nos enorgullece: A plea colaboración patriótica de toda a colonia galega.

REUNION DAS CORTES REPUBLICANAS ESPAÑOLAS EN MEXICO CONCURRENCIA DOS INTEGRANTES DO CONSELLO DE GALIZA

E sin dúbida iste o feito de máis transcendencia política que tivo que abordar a nosa Irmandade. Os nosos deputados concorriron a México, previos compromisos con outros grupos de que alí se tratarían os trámites parlamentarios do Estatuto de Galiza. Poden os irmandiños decatarse de que iste propósito atoparía enemigos moi fortes nos sectores importante da maioría parlamentaria dos republicanos hispanícos. Era pois preciso por de ma-

nifesto a opinión de toda a colectividade galega d-América pra que ista coa súa manitude pesase na decisión das Cortes. Así é que ista Xunta consagrouse n-aquelles días a isa finalidade; e os emigrados cando probas unha vez máis do seu amor a Terra i-a li bertade, fixeron ouvir os seus anxeiros o Presidente das Cortes, o Goberno Hispánico, i-en todolos casos significaron a súa adhesión ao Consello de Galiza, na figura consular do seu Presidente Irmán Alfonso R. Castellao. Concedíron n-ista aspiración de redención, repeti-mos, a colectividade galega de toda América incurso a de EE. UU.

Os resultados son os que xa os irmandiños coñecen: As Cortes crearon a Comisión parlamentaria que dictaminará encol do noso Estatuto.

Anotamos tamén "on lección e lealdade" dos deputados galegos que, salvo unha excepción, loitaron pol-a liberdade de Galiza. E perciso sinalar moi especialmente o patriotismo dos deputados Dr. R. Fernández Mato e Don Edmundo Lorenzo, iste último de sector socialista, que secundaron moi eficazmente a laboureira parlamentaria dos integrantes do Consello de Galiza. Oportunamente ista X. D. remitiulle notas dándolles conta da simpatía e agradecemento da nosa Irmandade.

PERIODICO "A NOSA TERRA"

O noso órgano, voceiro xa histórico das aspiracións de Galiza, continúa editando eiqui entre nos. Procuramos sempre que as súa páxinas fosen o reflexo da opinión d-espatriotas no exilio. D-unha maneira ouxetiva, fuxindo das bandeirías de tipo minifundista, encanou o momento da loita pol-a redención da Patria, secundando en todo

ao Consello de Galiza.

Debemos coñecer eiqui a colaboración prestada pol-os irmáns Núñez Búa, Avelino Díaz, Tobio Fernández, etc.; e moi especialmente deixamos constancia da gratitude aos que integraron a Comisión Redactora: irmáns Dr. R. Rey Baltar, Francisco Regueira, Rodolfo Prada i-o Segretario do Consello de Galiza A. Alonso Ríos.

HOMAXE A A NTON VILAR PONTE

Cumpríase iste ano e Xº aniversario da morte de esgrevio galeguista Antón Villar Ponte. Iste grande loitador que consagrou a súa vida por enteiro a Galiza, como periodista, foi tamén un parlamentario de nota. Nas Cortes Constituintes da segunda república representou a Galiza e sorprendeu a morte cando fora elixido pra representar novamente a nosa Terra.

Ista X. D. resolveu edicarlle unha edición especial do órgano "A NOSA TERRA" que corresponden ao mes de febreiro derradeiro. Ademais resolveu descubrir en momento oportuno un retrato que se instalará no local que funciona a nosa segredaría.

CONMEMORACION DO X ANIVERSARIO DO PLEBISCITO DA AUTONOMIA GALEGA

Como resultado da política de cordialidade seguida pol-a nosa Irmandade, a colectividade resolveu xuntarse pra conmemorar a data do plebiscito. Unha Comisión formada pol-as principais entidades ten a seu cargo organizar dous actos que serán ademais os derradeiros en que tomara parte o noso guileiro irmán Castellao denantes do seu viaxe a Franza.

O día 28 do corrente arase un

grande acto cívico-patriótico no salón do Centro Asturiano; e o día 30 un grande banquete no salón Babilonia. Confiamos en que os irmáns que nos sucedan na dirección da Irmandade continuarán traballando pra istos actos co entusiasmo que os mensmos merecen.

VERBAS FINALES

N-istas liñas deixamos reseñada a principal laboureira d-ista X. D. Non é nin con moito todo canto habería que facer. A loita pol-a liberdade de Galiza non debe coñecer folgos. El preciso que os homes que nos sucedan na dirección da Irmandade redoblen esforzos. Nos non estamos satisfeitos co pouco que se leva feito fronte da tarefa que agarda aos patriotas galegos. Nin siquiera temos a pretensión de haber acertado na resolución dada aos problemas que se nos prantexaron máis do que acertaría calquera outra que servira no noso caso; pro leal aos nosos principios afirmamos: que todas as nosas resolucíons foron dictadas polo que nos aconsellaba o máis puro e sagro patriotismo e que as inspiraron soantes a nosa Terra redimida de infortunios e do noso anxeio de ollare canto niosa escravitude que fai séculos a soballa e danos en consecuencia aos galegos a condición de escravos que nos trocamos coma mal menor pol-a de emigrados pra respirare o aire da liberdade que nos é tan necesario.

Esperamos pois merecer a vosa resolución favorable.

José B. Abraira
SEGREGARIO
Daniel Calzado
PRESIDENTE
Buenos Aires, Xuño 1º de 1946.

O día 28 de Xuño Tomaron Posesión dos seus Cárregos os Novos Membros da Xunta Directiva Da Irmandade Galega

Homaxe as Delegacións de Rosario, Mendoza e Montevideo

O día 28 de xuño tomaron posesión dos seus cárregos os novos membros da X. D. da Irmandade. Iste ano, por circunstancias especiais encontrábanse entre nós delegacións das Irmandades do interior do país e do Uruguai, de camiño que concurriríon aos aitos conmemorativos do Xº aniversario do Plebiscito da Autonomía de Galiza. Ista circunstancia deu lugar a unha xuntanza especial que resultou verdadeiramente intresante. Concurri-ron tamén varios irmandiños coas súas donas, entre os que contamos a don Miguel Alvarez e señora, V. Martínez Vaquero e señora, e outros.

Por ausencia do novo presidente electo irmán Prada que se atopa en México e non encontrándose presente o vicepresidente fíxose cargo provisoriamente da presidencia o vocal de máis idade, que é, neste caso, a venerable figura do noso irmán don Pedro Campos Couceiro. O irmán Campos ao facerse cargo provisoriamente da presidencia dirixiu unhas verbas emocionadas aos asistentes e mui especialmente as delegacións irmáns que se atopaban presentes, as que ofrendou un homaxe dos irmandiños de Bós Aires. Seguidamente o representante de Rosario irmán Pepe Ares agradeceu en nome da delegación d-aquela entidade; estendeuse en consideracións de orden patriótico prometendo que a Irmandade responderá ao chamado da Patria na hora suprema. O irmán M. Cacheiro Rei, de Mendoza, fala logo en nome dos irmandiños da cidade andina e fai tamén a mesma promesa do delegado de Rosario. O irmán Xosé B. Abraira fixo unha breve reseña dos problemas inmediatos que se lles presentan as Irmandades de Sud-América e finalmente o Presidente do Consello

de Galiza, irmán Castellao, dirixiuse aos presentes despedíndose dos irmandiños con motivo do seu viaxe a Franza. O irmán Castellao fixo un discurso emocionadamente patriótico, espuxo a grandes rasgos os propósitos que o animaron a facerse cargo do ministerio e no medio dunha salva de aprausos deuse por terminado o acto que — como xa dixemos — resultou verdadeiramente emotivo e patriótico.

Asamblea Xeral Ord. Na Irmandade Galega

NOVAS AUTORIDADES

O día 14 de xuño tivo asamblea xeral a Irmandade Galega pra considerar a memoria anual presentada pol-a X. D. i-elixir os membros da nova Comisión que rexirá os destinos da entidade no período 1946-47.

Unha crecida cantidade de irmandiños fíxose presente a hora sinalada pra sesionar, entre os que se encontraban os irmáns Alonso Ríos e Elpidio Villaverde, segretario e conselleiro do Consello de Galiza, respectivamente.

Previas unhas verbas de saudito ditas polo irmán presidente, o segretario deu lectura a memoria presentada pol-a X. D. en cuia consideración interviñeron varios irmandiños, e despois dun debate movido foi aprobada por unanimidade.

UN VOTO DE APAUSO A VARIOS IRMANDIÑOS

Por indicación do irmán M. López (fillo) a asamblea tributo un aprauso aos irmáns Francisco Regueira e Xosé B. Abraira pol-a manífica laboureira levada a cabo, mui especialmente en ocasión de celebrarse os aitos que se levaron a cabo en Montevideo

con motivo do IXº aniversario do plebiscito da Autonomía de Galicia. Igualmente, a pedido do irmán Elpidio Villaverde acordouse felicitar telegraficamente ao irmán Rodolfo Prada, que se atopa en México, polo éxito das xestíons feitas n-aquel país e na Habana cos nosos irmáns aí residentes.

Tamén a asamblea recomendou mui especialmente a nova xunta que procure editar en breve un libro do que e autor o irmán A. Zapata García.

Logo pasouse a elixir as novas autoridades resultando electos os irmandiños que en outro lugar deste número se indican.

LEA E DIFUNDA

A NOSA TERRA
PERIODICO AUTENTICO
GALEGO. QUE DEFENDE
A AUTONOMIA DE GALIZA

Fábrica de Sobres

Fotográficos y Radiográficos para el Comercio y la Industria

Pedro F. Darrigol

M. DE OCA 202 - 3º F.
U. T. 23 - 9081

Cam'sería de
mesura fina

PREZOS B6S

BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

Casa OTERO

Placas Rad'ográficas

Artículos de Calidad ELIOT
Para Farmacias y Hospitales

Agujas y Jeringas Hipodérmicas
Catgut, Guantes, etc. Perfumería

GENERAL URQUIZA 624
U. T. 45, Loria 8273

NARCISO VIDAL (h)
AGENTE OFICIAL KODAK

- Películas
- Radiográficas
- Accesorios
- Rayos X

PASTEUR 768 Bs. AIRES
U. T. 47 - 4718

Relembrando o Plebisito

por RAMON REY BALTAR

Once anos fai que Galiza fería d-entusiasmo, festexando un magno acontecemento. As campanas repicaban a gloria. O ar estremeciase con hinos de xúbilo. De gozo cantaban os corazóns.

Na fondura dos vales, na cume das montañas, no misterio dos bosques sagros resoaba un hosanna de triunfo. Das entradas da terra xurdía un ideal milenario, eterna esperanza, grito milagreiro, que reventaba no ceo con estalos de consagración.

O anseio de Galiza era unha realidade. A nosa lingua, as nosas leis, as nosas costumes, todo o noso acervo espiritual, sería respetado. O povo, nun fervoroso plebisito, con verdadeira unión relixiosa, acababa de aprobar case por unanimidade o Estatuto Galego. Todos os partidos, dende da extrema dereita até a extrema esquerda, xuntos nunha irmandade de sentimentos de raza, había votado a favor do instrumento que afirmaba a nosa personalidade e dábanos a liberdade tan desexada.

E ¡cousa estrana!, os seus máis ardentes defensores, tanto como os mesmos galeguistas, foran os chamados internacionales: os socialistas e os comunistas. Ambos, e principalmente os primeiros, galegos antes que nada, traballaron con sinxelo afino polo bó éisito da votación.

As diferencias ideolóxicas fuxían diante do amor á nosa nai común. Así, víamos o grandioso espectáculo de sesenta mil almas, xuntas na cidade da Cruña, arredor do monumento a Curros Enríquez, escoitando a verba dos seus bravos condutores, coma noutros tempos congregábanse as moitedumes na inmorrente Compostela para escoitar aos apóstolos da fe.

E cando pola ironía do fatal destino un dos máis grandes pedricadores da boa nova, Vilar

Ponte, caía ao pouco tempo para sempre, vencido quizais polo esforzo da súa indomable vontade, empregada no triunfo da causa galeguista; cando os seus mortais despoños eran levados ao lugar do repouso eterno, máis de oitenta mil persoas camiñaban en silencio detrás da caixa, silencio soio interrompido polos solozos, no solene momento en que Castela, cos ollos cheos de bágoas, dáballe o adeus postrado ao seu venerado camarada de loita.

Oxe, desgraciadamente, nada fica de aquela emoción dos espíritos, que alumeaba un enorme renacemento de Galiza. Oxe todos parecen un fermoso sono desvaído, que nos deixa ao despetar unha fonda malenconía, maldecindo o intre no que a realidade desfolloa as nosas ilusións. Oxe soio nos queda a memoria para relembrar ese fermoso sono, coa esperanza, nunca ausente dos nosos corazóns, de que surxirá un rosado abrente, nuncio dun novo día d-esplendoroso refulxir.

E esa esperanza é a que mantén o verdor nos nosos peitos. E cal si ela nos servira de acicate, con nova forza rexurden en nós os eternos anseios da nosa raza. Endexamais os que nos preciamos d-encarnar o espírito da galeguidade, deixaremos de loitar pola redención da nosa Terra.

Pase o tempo que pase, suceda o que suceda, nunca nos atoparemos abatidos. Cos ollos postos nos nosos sagrados mártires, que non vacilaron en sacrificar a súa vida antes que ser perxuros a Galiza, seguiremos o noso camiño, ergueitos, cunha soia conduta, limpa como un espello, crara como un amanecer e recta como unha espada.

¡Pol-a República para Hespania e pol-a Autonomía para Galiza!

Xurde a Irmandade Galega do Brasil

Interesante Chamado da Xunta Iniciadora do Movimiento Irmandiño en Río de Xaneiro

Damos publicidade ao patriótico chamado dos promotores da Irmandade Galega do Río de Xaneiro, co que no mes de maio derradeiro foi iniciado o movemento irmandiño que terá de atopar naquela República terreo axeitado ao máis xurdido e puxante desenrolo. Veleiquí as súas verbas ben ategadas de anseios redenzonistas.

“Contrerráneo amigo:

Non abonda que sexamos bons republicáns e desexemos o restablecemento da nosa República. E mester que a queiramos amplamente federal, baseada nas realidades nacionais, e non cortada pol-o patrón de tal ou cal país. Porque Hespania non é unha nación unificada, é si, un conxunto de catro nacións diferentes en todo e por todo unhas das outras, que son: Galiza, País Vasco, Cataluña e Castela; n-esta compéndense as demais rexións castelanizadas. Pois ben; estas catro nacionalidades, unha vegada, con vida integralmente autónoma, deberán ser, digamos,

outras tantas repúblicas ligadas por un vencello federativo, e constituirán entre si o futuro Estado Hespañol. Máis, endexamais continuar coma un Estado centralista no que Castela mande dende Madrí e os outros povos da Hespania teñan de conformarse coma vasallos.

Galiza ten de ser liberada, d-unha vegada para sempre desasubmisión deprimente e recobrar a súa verdadeira personalidade que lle permita desenvolver a súa cultura e gobernar a súa vida, ordenando a súa economía en forma que, o galego, traballe para si mesmo e non para enriquecer aos demais hespaños a súa costa. Máis, denantes de reclamar dos outros o recoñecemento dos seus dereitos, precisa o povo galego reaxir escontra dese estado de conformismo a que o conduciu a secular opresión castelán.

Sexamos, por tanto, federais e autonomistas. Galiza xa amostrou que quer sere unha e outra cousa, plebiscitando, de xeito

AMOSTRARON A ORELLA

Con simpleza meseteira, os dirixentes do “Casino Republicano Español” deron unha vegada máis proba da súa cativeza. Acochados debaixo da súa pelica de ano, tiraron dous couces, dous ceus de burriño manchego ou hurdano, que soio serviron para que a pelica se lles decorrera para o lado das eistremidades traseiras e lles deixara ao descuberto a orella das súas intencións sans e do seu grande asiso. Iles ben sabían que iban a facer o redículo, máis quixeron ser consecuentes coa súa táctica tradicional, inda que ela soia sirva para xustificar o porqué os outros desíños da Mesa fican incumplidos. Por algo dixo o bispo Lué, que a América non debía de ser independente namentras hombera nela un mulo da Mancha para gobernala. Non sabemos se no “Casino Republicano Español” hai algún retrato do bispo Lué, máis non cabe dúbida que en ningures tería máis axeitado posto.



tan eispresivo, o seu Estatuto; e se os seus desexos ficaron incumplidos non foi por culpa súa, senon das Cortes de Madrí que non tiveron “tempo” de aproballo.

Non se pense que os galegos somos separatistas ou que odiamos aos casteláns. Nada d-iso. Estaremos, sempre, lado a lado. Fraternalmente, cos outros povos hispánicos; máis non queremos ficar submetidos a vontade de ningún d-eles. E, así diremos coma o apóstolo galeguista Alfredo Brañas:

“Os de Castela son casteláns, Os de Galiza, galegos son; Como hespaños todos seremos, Nin eles amos, nin servos nós”.

Co intuito de propagar as ideas galeguistas entre os nosos paisanos, un grupo de galegos residentes n-sta Capital, tenciona levar a efecto a creación d-un organismo idéntico aos moitos que xa funcionan na Arxentina e no Uruguai, e sobor todo ao que os nosos paisanos conseguiron orgaizar e manteñen na clandestinidade no interior de Galiza — a Irmandade Galega—. Pedímoslle, por tanto, estimado contrerráneo, que reflexione no arriba eispuesto e se dispoña a enfileirarse conosco n-esta cruzada. E como inicio da súa cooperación pase esta proclama a outro galego das súas relacións e convénzao de sumarse a nós. Fraternais saúdos.

Os promotores da Irmandade Galega do Río de Xaneiro: Víctor M. Balboa, Luís García Fernández, Perfecto González Vázquez, Manuel Gómez Vázquez”. Río, Maio de 1946.

¡Aleluya! ¡Aleluya!

por AVELINO DIAZ

Esmorecíase o sol i-afundiase n-un abismo, inquedo, como se fose unha meniña de ollo humán, rebelde pra se finar, como un ser que da o derradeiro folgo e, de súpeto, cai na cova, pra non voltar a erguerse.

Un tristeiro lusco fusco extendíase por enriba da terra e, nas outuras, non brillaron, como de cote, as estrelas. Un mouro pano de espesas núbens, facía do ceo algo eisi como un cadaleito, no fondo do cal se deitaba o cadavre da terra a dormir o derredreiro sono. ¡Noite pecha i-escura coma a boca do lobo! ¡Noite infinda, de catro séculos de vivir en fonda escuridade, i-andar ás apalpadelas, en percura de un fio de luz, pra alumar a tristura de vida escrava! ¡Noite! ¡Noite sempre...!

Afundiuse o sol n-un abismo de tébras e, con él, afundiéronse a liberdade, a cultura, a lingua, o arte, a ciencia e todo canto o povo tiña como esencia da súa auténtica personalidade. Morrerá o sol e, na noite pecha, ficou o povo chorando a súa desgracia, chorando o ben perdido. ¡Noite longa; catro séculos de infinda escuridade, sin ollar unha raiola de luz, sin ouvir unha verba amiga, sin esperanza... sin Deus!

De súpeto... ¡unha estrela! ¡Hosanna! Unha estrela... outra máis... outra... outra... ¡muitas estrelas! ¡unha constelación! ¡un ceo sementado de luceiros!... Craridade, esperanza. Os precursores. A boa nova. ¡Hosanna! ¡Hosanna! ¡Hosanna!

O ceo amosase propicio. Exténdese o regueiro de luz prometendo unha alborada riseira. Medra a esperanza. A profecía bádica fire os ouvidos, adéntrase nos corazóns, aleda as almas. ¡Anunciación! “Os tempos son chegados”. Aveniñase a Aurora.

Un coro, cad-hora meirande, de patrióticas voces, canta “os tempos son chegados”. Na montaña, na ribeira, nas veigas e nos outeiros, a voz dos Deuses celtas berra... ¡Fillos da Terra escrava! ¡Ouvide! “Os tempos son chegados”. ¡Ei ven a Aurora! ¡Cantade! ¡Hosanna! ¡Hosanna! Os luceiros, no ceo, escintilan. O mar, namorado da terra, cántalle unha canción. A terra déixase arrolar; está leda e, tamén, canta. Ceo, mar e terra cantan “Os tempos son chegados” ¡Hosanna!

Pol-os camiños do mar, pol-os carreiros da terra, o povo que xa botou catro séculos na escravitu-

de, o povo que semellaba estar morto, xurde, como n-unha resurrección, e reméxese “envolto na brancura da luz que cai d-arriba”. Canta a súa canción de esperanza i-agrada o seu amencer. Canta o povo; canta a mar, a terra, o ceo. ¡Hosanna! ¡Hosanna! ¡Hosanna! ¡Bencado sexa o que ven no nome de Deus-Povo!

¡Amencer! Alborada Riseira. Marmular do vento. Romor dos pinos. Cántigas das fontelas. Arume de frores. Rechouchío de páxaros. Medrar de froitos. Leda inquietude polo novo vivir que se aveciña. Azougado tremecer das moitedumes, con anseios novos. Ansias, moito tempo contidas de nova vida, de vida dina, ceibe. Renascen, a cultura, a lingua o arte, a ciencia e todo canto o povo tiña de auténticamente seu.

O ceo eispresendorosamente craro. Ourizante máxico. O sol. ¡Ou, o sol! O sol, como meniña de ollo humán, deseosa de ollar toda a ledicia e toda a beleza da terra —ledicia e beleza de noiva virxen—. O sol da liberdade que ten de alumar e requentar, de novo, a terra i-a Raza. ¡Libertade! Craridade infinda. ¡Aleluya! ¡Aleluya!

Por todos os vieiros da terra mátria, a ilusión de séculos refrolece en feiteira realidade. Inzan as esperanzas. Afíncanse os desexos. Entrevese o porvir, craro, luminoso, com-ó sol que se ergue magnífico no ourizante, despóis de unha longa noite de tébras.

As moitedumes cantan. Cantan a sagra canción da liberdade; as nobres inquedanzas sementadas denantes, polos precursores, xermolaron; xa se recollen os froitos. ¡Crébanse as cadeas! ¡Os tempos chegaron! Alborada riseira. Plebisito. Autonomía. Libertade. Sol craro. ¡Aleluya! ¡Rexurdiu Galicia! A lousa pesante do poder alleo, apartouse ao conxuro da soia vontade do povo galego. Vontade de ser, de eixistir. Galicia, cal novo Lázaro, rexurdiu triunfante da cova escura en que a tiñan enterrada. Rexurdiu, maxestosa de gloria e de beleza, pra que, diante d-ela, se axionllen hastro deuses. ¡Aleluya! ¡Aleluya! Mañan... Mañan e sempre.

A grandeza da patria. O destino glorioso da Raza. Galicia sempre. ¡Aleluya! Bós Aires.

CARTA DE LUIS TOBIO FERNANDEZ

Montevideo, 26 de xunio de 1946.

Sres. Antonio Alonso e Xosé Quintáns, Presidente e Segretario da Comisión Organizadora da Conmemoración do Xº Aniversario do Estatuto de Galicia.

Meus distintos contrerráneos:

Respondo a súa carta recentemente recibida, adheríndome afervoradamente aos actos conmemorativos do Décimo Aniversario do Estatuto de Galicia e felicitando aos galegos da Arxentina e as sociedades que integran esa Comisión pola patriótica iniciativa. Semente mediante a autonomía, co Estatuto garantirá, poderá a nosa Terra desenrolar deica o máisimo todas as súas infindas posibilidades económicas e culturais, coutadas e frustradas por absurdos e antinaturales sistemas centralistas. E, por iso, obriga de todos os que arelan o erguemento e adianto da terra galega, de todos os seus fillos conscentes e leaes, pelexar sin trégoa porque a autonomía sexa unha realidade, porque se cumpra e leve a término a campaña e esforzo xa iniciados e que a malfadada agresión contra a República Hespañola fixo fracasar.

Saúdaos con todo afeito e agradecimento.

Firma: LUIS TOBIO FERNANDEZ.

A Colectividade Galega de Bós Aires

O Aito do Centro Asturiano

Como se tiña resolto, o día 28 de Xunio realizouse o grandeiro mitin en homaxe e conmemoración do Estatuto que, fai dez anos, aprobou resoltamente todo o povo de Galicia nunha votación histórica na que mostrou o seu amproio desexo d'Autonomía pr'a nosa patria.

O dito mitin realizouse no salón do "Centro Asturiano" o que se viu totalmente cheo d'unha moitedume de xente deseiosa de testemóniar a súa afervorada adhesión á patriótica manifestación que se realizaba, e dende a mesma rúa ó escenario todo non houbo sito que non estivese ocupado.

Na entrada do salón estaba extendida a bandeira galega que a colectividade lle iba entregar ó representante de Galicia no goberno hespañol republicano, doctor Alfonso R. Castelao. Debaxo da groriosa enseña o busto do noso mártire Alexandre Bóveda e dúas rapazas, vestidas a usanza da nosa terra, facían garda d'honor ós dous símbolos.

No escenario un gran cartel que decía: "¡Denantes mortos que escravos!" i-outra bandeira galega. Cando se deu comezo atopábanse alí o ministro da República, Castelao, ios demáis membros do Consello de Galicia, o doutor Aldasoro, vasco, i-o doutor Serra Moret, catalán; os delegados das entidades galegas de Rosario, Mendoza, La Plata e do Uruguai i-as autoridades das entidades orgaizadoras i-adherentes o aito.

A orquesta do mestre Barreiro, baixo á súa dirección, fixo ouvir o Hino Galego que a xente coreou, posta de pé i-aprausou con entusiasmo.

O presidente do Comité orgaizador, señor Antón Alonso Pérez, ó poñerse a falar, pediu un minuto de silencio, en homaxe ós nosos mártires, que o público gardou respectosamente posto de pé.

Logo, o dito señor Alonso, deu comezo ó seu descurso i-espuxo mañíficos conceutos en col das colectividades galegas d-Habana, de Bós Aires e doutros países, con relación a Galicia, no aspecto cultural, político, económico, etc. Fixo unha reseña moi ampria da labouira dos galegos de Bós Aires dendes fai un cuarto de século referíndose ás entidades, ós periódicos i-ás actividades dos núcleos máis calificados d-eiquí con relación a Autonomía i-os demáis problemas galegos. Deu remate ás súas verbas con unha eixcración: ¡A nosa terra é nosa! O público rubricou con alongados aprausos.

A orquesta Barreiro fixo ouvir a "Alborada" do mestre Montes que contou con boa acollida.

Despóis o doutor Núñez Búa fixo uso da verba e tivo unha mañífica evocación de Galicia con relación á liberdade, á vida política libre, á Autonomía. Tivo quentes verbas de lembranza pra Alexandre Bóveda i-os outros mártires da liberdade galega. Falou das personalidades galegas, dos historiadores que demostraron ó longo de centurias o dereito de Galicia a ser libre. Dixo que nós, os galeguistas, non temos reparo en aceptar o calificativo de separatistas se tal cousa se nos chama pol-o feito de defender á nosa patria. Citou unhas verbas de Sarmiento, ditas no século pasado en col d-Hespaña, que aínda son hoxe certas, por canto sigue vivindo co reló atrasado. Falou do sentimento autonomista dos galegos, como cousa innata en nós, como cousa natural, produto da terra mesma; falou d-armonía dos estados ibéricos, nun réximen federal, en acordo coas necesidades i-ás características d-eses estados. Referiuse ó esforzo dos que autuaron a favor da Autonomía e do Estatuto. Dixo que os espíritos dos nosos mortos teñen de celebrar logo o triunfo de Galicia e fixo unha chamada ós vascos, cataláns e galegos pra recuperar a República Española.

A súas verbas foron acollidas con grandes aprausos por todos os asistentes.

A orquesta fixo ouvir o preludio de "Maruxa", de Vives.

O doutor Ramón M. Aldasoro, pol-os vascos, escomenzou a falar manifestando a súa complacencia i-á súa adhesión ó Plebiscito Gallego, en nome dos vascos que siguen o goberno de Aguirre. Fixo definicións políticas sobre a convivencia dos individuos e dos povos, fixo comentarios sobor da historia d-Hespaña i-ó divorcio que sempre existiu entre o poder público i-ó povo, pola maneira artificial i-aurda en que se rexiron os destinos do país. Fixo un parangón entre Cataluña, Vasconia e Galicia en canto a certas cousas de orden particular d-esas nacionalidades e dixo que, en canto ós galegos, non tiñan éstes a culpa das cousas malas, senon a mesma Hespaña. Fixo un canto á amizade i-hermandade cos galegos citando nomes de persoas alí presentes. Evocou a República, os feitos das nacionalidades, a guerra civil, o suposto separatismo, etc.

Dixo que os males das autonomías serían menos queros da guerra civil e do réximen franquista. Citou frases de Atlee, xefe do goberno inglés, en relación co estado actual do mundo. Dixo Aldasoro que a guerra empezou

en Hespaña i-é inxusto que non se lle reconozca o dereito de liberarse. Findou dicindo: "Non somos separatistas. Queremos ser irmáns de todos os homes de boa vontade". Foi ouxeto de unha xeira de longos aprausos ó rematar as súas verbas.

A orquesta Barreiro fixo ouvir "O Consolo", do mestre Paz Hermo, que cantou o tenor Xaime Pazos e, logo, a "Canção de Bercio", con música de Barreiro e letra de Zapata García, a cal foi cantada, tamén polo tenor Pazos coa galanura artística que él pon en todo o que canta. Tanto o mestre Barreiro i-a súa orquesta, como Pazos, colleitaron o aprecio do público que se traduci en aprauso xeral.

Falou deseguida o doutor Serra Moret, pol-os cataláns, dicindo que non hai que apresurarse na celebración das efemérides; hai que facer historia, crear os feitos i-achegarse a eles pra os engrandecer.

Díxonos que hai que manter o propósito que nos guiou fai dez anos pra que se traduza en vida i-en historia. "O que importa é que as patrias seian libres e fagan os seus propios destinos". Engadiu que hai que ter sentido da personalidade histórica que a natureza i-a vida forman; conciencia do propio ser sin excurisivismos e sin sentimentalismos erróneos. Non incurrir en erros nin contradicións. Saber o que se é pra sumarse ós demáis e non apartarse. Homes e povos con unha comunidade de fins pra a verdadeira fraternidade universal; ver os valores humanos que nacen do telúrico mismo, valores fecundos dos povos pra lle aportar á humanidade.

Fixo unha semblanza do povo de Costa Rica, con setecentos mil habitantes, povo formado —dixo— por galegos de orixen que conviven cos aborixens, sin guerras nin revolucións. Fixo, logo un quente chamado á unidade de todos os galegos i-ó dar remate ás súas verbas ouviu unha longa xeira d'aprausos.

Despóis, o membro da Comisión orgaizadora, Xosé B. Abraira deu conta das adhesións recibidas, que foron moitas i-entrelas unha dos galegos de Nueva York.

Logo colleu a verba o gran líder Castelao que empezou referíndose ó goberno republicano do exilio, no que hai elementos dos tres povos, catalán, vasco e galego. Dixo que todos eles representan un dereito ganado coa lealtade á república, porque ese é o fin que nos guía a todos. Pediu a unión de todos os galegos republicanos con a sola excurisión dos farsantes.

"A nosa patria —dixo— é completa, é perfeita; non é grande nin pequena, é com-ó sentimento que d-ela temos no corazón". "Miña patria Galicia, meu estado Hespaña". Hai que defender a República pra defender a patria. República é Galicia".

Citou unha frase do gran lusitano, Camoéns: "Hespaña cabeza d-un povo redentor". Falou do criterio inglés sobor d-Hespaña e da aitude das nacións de-



O presidente da comisión orgaizadora, Sr. Alonso, da comenzo ao mitin

mocráticas pra con o povo hespañol i-a Hespaña escravizada. Engadiu que hai que buscar axiña unha solución ó problema político de Hespaña e falou da inmoralidade da pretendida consulta ó povo sobor do que este quere. Dixo que o problema hespañol é de liberdade e democracia i-añadiu "que o sacrificio dos mortos non resulte inútil, que non se esterilicen os froitos d-ese sacrificio e que o triunfo da liberdade seia logo".

Afirmou que él no goberno de Giral ha de falar en nome dos que están aferrollados e que, despóis, o povo elixirá. Logo dixo que a República unitaria e centralista é nefasta, que non consulta os intereses dos povos; que a monarquía non é a que pode dar a Autonomía, pero, a República sí, con tal que seia democrática, anque non seia federal. "Os galegos —dixo— somos dúas veces republicanos: por autonomistas e por demócratas". "Vou decir a miña verdade, aínda que lles pese a algunchos". E falou da colectividade galega d-aquí dicindo que se di-

ferencia da hespañola pol-o seu republicanismo, pro, que hai certos republicanos que convén mellor non tel-os e desencarantíalos. Criticou valentemente ós directivos do "Centro Gallego" pola súa dobrez política i-ó seu proceder en desacordo co mandato dos socios i-en contravención ós verdadeiros diutados d-un leial republicanismo democrático, todo o cal é unha treidoría d-aqueles directivos.

"Fago esta requisitoria —afirmou— porque sei a quen hei representar i-a quen represento".

As derradeiras verbas do doutor Castelao foron acollidas c-unha mesta e fonda manifestación de aprauso por todo o público que estaba presente.

Despóis anunciouse que a bandeira galega que se lle debía entregar alí o representante de Galicia no goberno hespañol de Giral, se lle entregaría no gran banquete a realizarse o día 30 tamén pra rememorar o Estatuto de Galicia.

O remate, a orquesta Barreiro fixo ouvir a "Rapsodia Gallega", de Pascual Veiga, coa que se deu fin o aito que foi unha das meirandes manifestacións de patriotismo galego, de fé na grandeza da patria e nos seus destinos, de esperanza na Autonomía e na República democrática, que se fixo n-estas latitudes nos derradeiros anos.

CELTIC.

Delegacións que asistiron aos aitos conmemorativos do X aniversario do Estatuto Autonómico de Galiza

Irmandade de Rosario, Presidida por Xosé Alvarez e Pepe Ares.

Irmandade Galega de Mendoza, integrada pol-o señor M. Cacheiro Rey e dona e señor Eduardo Niel e dona.

Irmandade Galeguista de Montevideo, integrada por Antón Crestar e o Dr. Couceiro.

Os vascos estiveron representados pol-os señores Drs. Aldasoro, Lasarte, Basterrechea, Presidente do Laurakbat, e pol-o señor Aguirre, de Acción Vasca.

Os cataláns estiveron representados pol-os señores: Dr. Serra Moret, Dr. Pelayo Sala, Escolá, Maresa e pol-o Presidente do Casal de Cataluña.

Adhesións aos aitos conmemorativos do X aniversario do Estatuto Galego

Casa de Galicia de Montevideo.

Centro Betanzos.

Irmandade Galega de Mendoza.

Dr. Néstor Aparicio.

Rodolfo Prada (México).

Irmandade Galega de Montevideo

José Iturrat

López Durá (Delegado do Consello de Galiza en México).

Gerardo Alvarez Gallego (Delegado do Consello de Galiza na Habana - Cuba).

Sebastián González (Delegado do Consello de Galiza en Puerto Rico).

Martínez López (N. York). Partido Comunista Español. Partido Socialista Español. Centro Gallego de V. Alsina.

Soc. Hijos de Pol.

Soc. Chantada y sus Contornos.

Agrup. Cultural Catalana.

Casal de Cataluña.

Centro Arzuano Melidense.

Centro Villamarín-Perojano.

Parroquias Unidas de Rianxo.

Centro Becerreá.

Centro de Sanxenjo.

Soc. de Saviñao.

A. B. C. de Coreubión

C. Orensano de Montevideo.



Vista parcial do banquete

Celebra o 10 Aniversario do Plebiscito

O Banquete do Babilonia

Máis de mil persoas concurri- ron ao espacioso restaurante de Retiro para celebrar o 10º aniversario do Plebiscito Galego. Si o aito do 28 no Centro Asturia no tivo singular lucimento, éste do Babilonia, realizado o día 30, colmou a medida das esperanzas. Unha moitedume, vibrante de emoción patriótica, xuntouse en comunión fraterna a relembrar os días en que Galiza fervía de entusiasmo, sancionando co seu voto o Estatuto que a iba a liberar das cadeas do poder central.

Representantes vascos e cataláns acudiron tamén a rendir o seu tributo á data que se conmemoraba. Xuntos cos delegados de Montevideo, Rosario, a Plata e Mendoza, ocupaban os postos de preferencia. O presidente do Consello de Galiza e ministro do Goberno Republicano, Castelao, presidía o aito.

Antes de servirse o xantar tocou o Hino Galego, que foi escoitado con verdadeira unción pola concurrencia, e fortemente aplaudido.

Non ben a parte material dou- se por terminada, cando escomenzou a parte espiritual, a comunión das almas.

O segredario da comisión orgaizadora, Sr. Quintáns, dou leitura ás adhesións recibidas, que foron innumerables. De distintas cidades do país, do Uruguai, de México, de Norteamérica, de Franza, de todas partes onde había galegos de corazón, recibíronse cartas e telegramas de encendido fervor patriótico. Todos os partidos, como no memorabel día do plebiscito, contribuíron coa súa adhesión, cando non coa súa presenza, a darlle brillo á festa.

Discurso do Segredario da Federación

O Sr. Alonso, no seu carácter de presidente da comisión orgaizadora dos aitos recordatorios do plebiscito, inaugurou a serie dos discursos con un saúdo aos representantes vascos e cataláns e demais delegacións asistentes, como así mesmo aos presidentes dos centros rexionales.

Rememorou a data do plebiscito como unha data histórica, que endexamais se esquecerá da memoria do povo galego, que se atopa disposto a loitar pola implantación do Estatuto.

Censurou acerbamente a aitude das pseudo democracias, que impiden a resurrección de Hespania, impedindo a reconquista da República. "Non permitiremos — agregou — un goberno títere".

Destacou a labouira patriótica da coledividade galega na Arxentina e terminou facendo votos polo triunfo da República e das Autonomías.

Fala o Diputado Alonso Ríos

O dinámico deputado agrario pol-a provincia de Pontevedra e segredario do Consello de Galiza, ergueuse a continuación para pronunciar unha emotiva arenga en col do acontecemento que se celebraba.

Escomenzou afirmando que a Autonomía é indiscutibel. Galiza, como Vasconia, como Cataluña, ten gañado o dereito a go-

bernarse por si mesma, dereito recoñecido pol-a Constitución, e non haberá forza capaz de impedir que se cumpla o aneio que arde nos peitos galegos.

Refireuse aos problemas campestres e mariñeiros da nosa Terra, sobor dos cuas fixo estudos para buscarlles unha solución adecuada.

Aludeu tamén ao problema de emigración, que é necesario encauzar e mellorar para que renda os froitos debidos, e finalizou declarando a súa fe nos destinos de Galiza.

Verbas do Dr. Lasarte

No nome da delegación vasca, falou o Dr. Lasarte, que comenzo dicindo que traguía un agarrado saúdo dos seus irmáns. Dixo logo que o Estatuto de Galiza pode considerarse xa como un feito, posto que conta coa vontade do povo para impoñelo.

Refireuse á solidariedade de vascos e galegos, que tantas semellanzas teñen, e asegurou que nunca deixarán de estar ao noso lado para conseguir todo o que sea xusto para o noso povo.

Aludeu á bandeira que se lle entregará a Castelao para que a leve a Galiza, e refireuse ás dúas Galizas, a de acá e a de alá, que se topan, non separadas, senon xunguidas polo mar que as bica.

Augurando o triunfo da República, terminou o Dr. Lasarte, no meio de grandes aplausos.

O Diputado Pelaio Salas

A continuación, o doctor Pelaio Salas escomenzou dicindo que o aito que se conmemoraba non era soio galego, senon vasco e catalán, porque representaba o triunfo da soberanía do povo.

Engadeu que galegos, vascos e cataláns atopábanse xunguidos na loita pol-a liberdade.

"A nosa causa é a vosa, e xuntos marcharemos para impedir que Hespania sexa a vergonza do mundo", agregando: "Franco é a historia; nós somos o porvir".

Manifestou que debíamos facer eisamen de conciencia para recoñecer os erros do pasado y evitalos do futuro. Con un ¡Viva Galiza ceibe!, finalizou o doctor Pelaio Salas o seu magnífico discurso.

Entrega da Bandeira

Seguidamente, o segredario da Federación de Sociedades Galegas, Sr. Alonso, acercándose a Castelao coa fermosa bandeira galega bordada en ouro, regalo da coledividade, para que sexa

izada en Galiza o día que recupere a súa liberdade, entregoulla con cálidas verbas ao ilustre presidente do Consello de Galiza, que a recibiu emocionado, apertándoa contra o seu peito. Atro- nadores aplausos premiaron a sentida cerimonia.

Erguese Castelao

Visiblemente conmovido, em- peza Castelao dicindo que vai a falar o seu corazón. Traza unha maravillosa síntesis histórica de Galiza, doéndose dos moitos aldraxes que recibiu, como non recibiu ningún povo.

"Galiza — di — foi atacada con mentiras, con calumnias, con todas as malas artes, e fumos vencidos".

Afirmou que Galiza habíase orgaizado en Estado moito antes que Castela; que Galiza, educadora de príncipes, era un povo culto, como non había outro en Hespania.

"Todo o mundo concurría a Galiza, e os señores saían polos camiños en procura de forasteiros que agasallar".

Refireuse aos principais homes que a honraron, entre os cuas citou a Orosio, Feixó e Concepción Arenal e Pablo Iglesias.

Queixouse do mal trato que recibiu dos reis, chegando, "para domar a los feroces gallegos", a castigala, quitándolle o voto en Cortes, onde era representada por Zamora.

Eispresou que os señores tiveron que ausentarse da súa terra baixo pena de morte, e que Galiza non recobrou a súa personalidade hastra o ano de 1936.

Refiríndose á bandeira que lle entregaron, dixo que ela representaba o espírito da emigración galega e o sentimento de democracia para axudar á restauración de Hespania e de Galiza.

Cando chegue o momento, indicou que debían unirse as dúas Galizas para reconstruír a nosa Terra e que él sería o azo de esa unión.

E terminou: "Vos estaredes sempre no meu corazón. Nunca me atopei desterrado nesta terra. E asegúrovos que escoitareis a miña voz dende a capital de Galiza, no momento da victoria".

O público, posto en pé, tributou unha ovación interminabel ao meirande persoeiro da nosa Terra. Así finou o emocionante aito que relembrou o día do Plebiscito Galego.



A cabeceira do banquete

CARTA DE SUAREZ PICALLO

Santiago de Chile, San Xohán, 23 do 1946.

Señores Antonio Alonso e Xosé Quintáns, Presidente e Segredario da Comisión Orgaizadora do Xº Aniversario do Plebiscito do Estatuto de Galicia.

Meus vellos e moi queridos amigos e irmáns:

No meu leito de enfermo, zecais incurabel, onde estou dende fai 19 días, recibo a vosa carta comunicándome os aitos de lembranza que vides a celebrar conmemorando o Plebiscito que aprobou o noso Estatuto autonómico, o 28 de San Xoán do 1936. Pedídesme, para ises aitos, a miña adhesión. Agradézovos moitísimo o recordo; pero vosoutros sabedes, que dendes sempre, en corazón i en espírito, estou a vosa veira, en canto fagades nise senso.

Grandísima data ésta, na que a nosa Patria Galega, reafirmou a súa vontade soberana. Nila participou a fror e nata do seu Pensamento, do seu traballo, do seu Espírito, e da súa Cultura. Moitos homes que deron esplendor a aquela xornada, xa non son deste mundo: Xaime Quintanilla, Anxele Casal, Pepe Villaverde, Miñóns, Mazariegos, Montero, Becerra, Bilbatúa, Antón Suárez Picallo, e o Protomártir Alexandre Bóveda, con mil máis, están enterrados. Os outros estamos desterrados por ter servido a causa suprema da nosa Liberdade e do noso Ser diferenciado e propio. Pola grandeza da causa porque morreron, e porque a súa morte, cubriu de loito o meu espírito, teño o sagro deber de serles fidel. D-ahí a miña emoción, postas nestas verbas de adhesión aos aitos conmemorativos que vides preparando.

Eses aitos teñen, este ano, unha nova e venturosa sinificación: o acordo de todol-os señores da Democracia Galega, encol do Goberno Lexítimo da República Hespanola, no que por vez primeira ten Galiza un persoeiro esgreivo, na súa calidade de povo, de Nación e de Patria, na grande Comunidade Ibérica: Refírome ao noso Castelao, abandeirado de Galicia, Patriarca santo e conductor, por cuio éisito fago os votos máis afervoados.

Polo demais, meus vellos e queridos irmáns i amigos, ben sabedes vos que eu teño que estar a vosa veira. Eu non esquezno nunca, que na outa calidade de delegado voso, poíden vincular o meu nome, humilde, a Historia da nosa Patria, n-un intre crucial. E que, a miña aital vida, solitaria e triste, somentes ten como estrela lumiosa a lembranza de aqueles días inesquecibels.

Gracias, moitas gracias, pol-o voso recordo. Imposibilitado de acompañarvos fisicamente, sabedes que me tedes ahí en corazón i en espírito; e se pasades lista dos vellos loitadores da emigración, e lembrades o meu nome, eu respóndovos dende o meu recuncho, como respondín sempre, con esta sola verba: Presente.

Firmado: RAMON SUAREZ PICALLO.

Prada presidente da Irmandade Galega


Na derradeira asamblea, a Irmandade Galega de Bós Aires, desinhou seu presidente ao irmán Rodolfo Prada, que aínda non retornou do seu longo viaxe por Europa e por América.

Prada é, sin discusión, un dos

máis outos valores con que conta hoxe a coledividade galega de América: ativo, intelixente, culto, xeneroso e gran patriota.

Cordial e dotado d-un fino don de xentes, resulta Prada un eis- cepcional dirixente, no que a Irmandade e a Galiza emigrada en xeral poden cifrar as máis fundadas esperanzas.

Prada, acreditado e capacitado por unha longa, tesoneira i eficaz aituación societaria, particularmente nos Centros Galego i-Orensano e na Irmandade Galega, chega no intre en que a Galiza emigrada se dispón a grandes realizacións coledivas, e no que o movemento irmandiño conquireu proporcións continen- taes. Nunca, pois, máis oportuno, e máis necesario, e máis desexado o arribo do irmán benquerido, ao que auguramos o máis grande éisito no fronte da nosa Irmandade para ben da colonia galega e honra da nosa Terra.



O público de pé, escoitando o Hino

Bases da "Irmandade Galega de América"

Os delegados das Irmandades Galegas da Arxentina e do Uruguay celebraron o día 30 de xuño actual unha xuntanza cuíus acordos definen a nova acción conxunta e unificada que terán de seguíren dende agora, axeitándose así as eixenencias do intre político actual e fixando definitivamente o rumbo que ten de observar o movemento irmandiño de América.

Esta conferencia foi convocada pola Irmandade Galega de Bós Aires, e obedece a inspiración do delegado de Mendoza, quen, na recepción con que foron agasallados os presidentes delegados das Irmandades Galegas deste país e do Uruguay, planteou a necesidade de reunir a todas as Irmandades nun soio organismo continental, con unha dirección suprema que aproveite na forma máis xusta todo o inmenso valor político social i económico que ten en potencia o movemento irmandiño.

Esta memorable xuntanza tivo lugar nos salóns do Centro Ourensano, e concorriron a ela, especialmente invitados, o señor segredario do Consello de Galiza, don Antón Alonso Ríos, e o conselleiro don Elpidio Villaverde. En representación da Irmandade de Bós Aires foron delegados o presidente accidental da mesma, don Pedro Campos Couceiro; o segredario señor Nogueira e o irmandiño don Xosé B. Abaira. Os irmandiños do Uruguay tiveron como delegado ao presidente da Irmandade de Montevideo, señor Crestar. Os de Mendoza foron representados por don Manuel Cacheiro Rey, presidente da Irmandade Galega de Cuyo, e o seu vice-presidente, don Eduardo Niel. A Irmandade de Rosario designou como seu delegado ao benquerido irmán don Xosé Ares, e a Asociación Galiza, de La Plata, fíxose representar por seu presidente, don Xosé Núñez Búa, quen, por razóns de enfermidade delegou a súa representación no irmandiño señor Xosé González.

A pedido das delegacións forasteiras, fíxose cargo da presidencia da conferencia don Pedro Campos Couceiro, actuando como segredario o da Irmandade de Bós Aires, señor Nogueira. O señor presidente invitou a os membros do Consello de Galiza a sentarse na mesa presidencial, o que dou motivo a unha emocionante ovación tributada por todos os delegados a os señores Villaverde e Alonso Ríos.

O conselleiro, don Elpidio Villaverde, logo de agradecer ese homenaxe, fixo unha breve improvisación; e con palabras serenas, inspiradas nun afervoado patriotismo galego, conmoveu a os delegados pedíndolles un solemne recordo pra os héroes que

loitan dentro de Galiza nas Forzas da Resistencia Galega. A concurrencia, posta en pé, aclamou as verbas do Conselleiro Villaverde, e renovou a súa acción, esta vez pra honrar a memoria dos caídos na sacra loita pola liberdade galega e como

berdades na península e a implantación da República Federal, o día en que noso gran Castelao poida facer tremolar en Compostela a fermosa bandeira galega que lle foi entregada en Bós Aires. A palabra de Alonso Ríos despertou novas emocións nos

pra desempeñar a representación de Galiza no Goberno eisilado por aspiración unánime das heroicas Forzas de Resistencia do Interior, as que enviaron a Francia un heroico persoeiro pra eixir o nombramento de Castelao como Ministro Galego de aquel Go-

por consecuencia, pra os irmandiños, un intre de maiores sacrificios e traballos, porque as Irmandades teñen de ser as puntas de lanza na loita política galeguista, e todos os concurrentes, agregou estaban ali convocados pra concretar os plans desta nova etapa na loita política, na que habrá de eixir, a todos, máis entusiasmo, máis traballos e máis sacrificios, deica concentrar na nosa organización a máis depurada mística galeguista, con desprezo de toda outra inquedanza, si é que se quere sinxelamente chegar a conquistar a absoluta liberdade da nosa terra. Esta mística, dixo Abaira, tense que concretar en traballo, traballo e traballo; e pra que este traballo rinda os resultados positivos que perseguimos, e mester unha organización forte e ben conducida, con directivas únicas e ben estudiadas, tanto no campo político, como no cultural, social i económico. Ieiquí están vostedes, terminou, pra escoller o mellor camiño que deba seguirse.

A aprobación con que os circunstantes recibiron as verbas do irmán Abaira púxose de manifesto con unha estruendosa salva de aplausos, quenes subscribiron como seus, de tal xeito, os conceptos expostos en forma rexa e vigorosa polo dito irmandiño.

Enseguida fixo uso da verba o delegado da Irmandade de Rosario, don Xosé Ares, quen logo de transmitir a Conferenza os agarimosos saúdos dos irmandiños da súa provincia, e eispresar, en representación da Irmandade Santafesina, a incondicional adhesión ao Consello de Galiza, e a aprobación entusiasta a política galeguista conducida con tanta sagacidade e patriotismo polos guieiros da nosa causa, dende Bós Aires, e con heroísmo e sacrificio, polas forzas da Resistencia do Interior de Galiza, manifestou a súa aprobación ao propósito de dar unha nova e máis eficiente estrutura a Irmandade Galega, deica chegar a constitución dun soio organismo continental, dentro do proxecto adiantado en anterior oportunidade polo presidente da Irmandade de Cuyo, señor Cacheiro Rey. Neste senso, dixo o delegado santafesino, a nosa Irmandade de Rosario, eiquí representada por mín, apoya sin reservas o proxecto de Mendoza, e compromete toda a axuda patriótica i económica que poda esperarse da Irmandade de Rosario.

O delegado de Montevideo, señor Crestar, logo de saudar a os concurrentes, en nome dos irmandiños orientaes, recordou como a Irmandade de Montevideo, sensible sempre a os requirimentos que se lle fixeron, res-

(Continúa pax 7)

Pacto de Bós Aires

- 1º — As Irmandades concurrentes aproban a iniciativa da de Mendoza de unirse nun soio organismo, baixo a dirección dun Consello Executivo, con sede en Bós Aires, formado por dous delegados de cada Irmandade, con facultades pra ourentar a laboura común.
- 2º — A Irmandade de Mendoza queda desinada pra redactar o plan de unión das Irmandades, e de remitilo a cada unha delas, pra súa aprobación.
- 3º — O Segredario da presente xuntanza labrará unha acta dos acordos tomados e remitirá copia dela a cada unha das Irmandades pra súa ratificación.
- 4º — Asimesmo terá de remitirse a-as Irmandades de Nova York, México, Brasil e Cuba copia da devandita acta e do proxecto que redacte a Irmandade de Mendoza, pedíndolles a súa adhesión.
- 5º — Dirixir un mensaxe telegráfico de saúdo fraternal a Irmandade do Brasil, suscrito por todos os concurrentes, felicitándoa pola súa patreótica iniciativa de dar forma orgánica naquea República a o movemento irmandiño.
- 6º — Do mesmo xeito, dirixirse a-as demais Irmandades de América pra encarecer diante delas a necesidade de intensificar o movemento irmandiño, baixo normas comúns, nestis intres tan aleigados de posibilidades para o rexurdimento político, cultural i económico da Nación Galega.
- 7º — Propiciar unha intensa difusión da historia de Galiza e dos feitos diferenciaes que xustifican as súas arelas autonómicas.
- 8º — Facer declaración de lealdade e acatamento ao Consello de Galiza e a Castelao, no seu dobre carácter de Presidente do mesmo e de representante de Galiza no Goberno da República.
- 9º — Establecer que os presentes acordos, chamados a fixar unha nova xeira no movemento galeguista, sexan desinados baixo o nome de PACTO DE BÓS AIRES.
- 10º — Facer chegar a nosa voz de alento i-a nosa agradecida solidariedade a-os irmáns que tan heroicamente resisten no interior a opresión franquista, co compromiso de concurrir na súa axuda, baixo todas as formas e medios posibles.

promesa d-axuda e alento pra aqueles que forman as nosas gloriosas Forzas Combatentes do Interior.

O segredario do Consello, don Antón Alonso Ríos falou enseguida pra agradecer a os irmáns delegados a adhesión expresada a o Consello de Galiza, en xeral, e a o seu Presidente, don Alfonso R. Castelao, en particular. Exhortou a os concurrentes a permanecer firmes na patriótica loita pola redenzón galega, e expresou a súa confianza de que en aquela brillante conferencia tendríanse de sentar as bases xustas pra desenrolar unha nova laboura política, social i económica, a prol da causa da liberdade galega, nesta etapa que iniciase, dixo, con o recoñecemento dos históricos dereitos de Galiza e que terá de culminar, sin dúbida, co-a recuperación das li-

circunstantes, quenes renovaron os seus prolongados aplausos pra demostrar dese xeito a súa devoción hacia os seus conceptos.

De inmediato tomou a verba o delegado da Irmandade de Bós Aires, irmán Xosé B. Abaira, que fixo unha exposición medida e vigorosa do intre político actual. Informou da patriótica laboura realizada dende Bós Aires polo Consello de Galiza e polas organizacións galegas da Capital, e puntualizou con emoción e xustiza a forma de loita intelixente, puxante e valerosa que levan a cabo, con sacrificio martirizante, as Forzas de Resistencia do Interior de Galiza. Demostrou como a conxunción de ambos movementos, o dos Emigrados e o dos Combatentes, gravitou na formación do Goberno Republicano no exilio. Revelou a os delegados como xurdiu en París i-en México a conciencia de que aquel Goberno non podía ter valor nin forza sin contar no seu seo con un auténtico representante daqueles dous importantes valores republicáns que son a Resistencia e a Emigración galegas. Puxo de manifesto como este representante tivo que ser forzosamente Castelao, e ningún outro; porque foi o único home que contou con a inmensa forza dos emigrados galegos da América toda, que o considerara o testamento vivo e indiscutibel guieiro das nosas arelas

autonomistas, e foi reclamado berno. O irmán Abaira invitou a meditar ben no significado destas dúas circunstancias, que dan un releve especial, único, a personalidade de Castelao como Ministro, xa que ningún pode, como él, ostentar no seo do Goberno eisilado unha representación máis auténtica da vontade do seu povo; nin ningún poderá eishibir unha credencial máis limpa nin máis auténtica que a que Galiza dou a Castelao pra falar en nome de éla, e das súas arelas autonomistas. Pero, agregou o irmán Abaira, esta posición do noso guieiro, como Ministro, e a do noso Consello de Galiza, como a nosa xenuína autoridade, trae pra nós aparelhada a obriga de facer máis activo, máis positivo, entusiasta i eficaz o movemento irmandiño en América, pra respaldar vigorosamente a-os nosos persoeiros. Chegou,

CASA DURAN

- SOMBREIROS
- CAMISAS
- BONETERIA
- PANTALOS

30 Gral. Bosch 30 U. T. 22 - 440^o
AVELLANEDA (PIÑEIRO)

One-Eleven



EL GRAN CIGARRILLO

AMERICANO

35 cts.

(Ven pax 6)

pondeu con entusiasmo fraterno a cantas iniciativas partiron desta riveira occidental do Plata, iahí queda o testimonio dos autos celebrados en común alá en Montevideo, que foron unha exteriorización magnífica da potencialidade da Galiza emigrada autonomista en ambas Repúblicas. Agora, agregou, plantéxase un proxecto dun grande interese, cal é a unificación do movemento irmandiño en América. Eu, representando eiquí a Irmandade do Uruguay, eisprezo formalmente a aceptación sin reservas a ise proxecto de unificación, aprobando, tamén, a forma xa esbozada de entregar a dirección executiva do novo organismo a un Consello, con sede en Bós Aires, integrado por delegados de cada Irmandade.

Continuou o señor Crestar con unha indicación no sentido de que fora a mesma Irmandade de Mendoza a que dera forma escrita e definitiva a súa importante iniciativa, sin perjuicio de que se levantara unha acta da presente xuntanza que rexistrara os acordos tomados pol-os delegados presentes, e que fose firmada por eles. Unha copia desa acta deberá ser remitida a cada Irmandade, pra ser ratificada. E terminou con estas verbas: "Asegúrolles que a Irmandade de Montevideo suscribirá este pacto con entusiasmo, e reitéro-lles tamén que poden contar, pra poñelo en práctica, con toda a axuda política, patreótica i-económica que vostedes esperan dela".

Falou enseguida o presidente da Irmandade de Cuyo, irmán Manuel Cacheiro Rey. Expresou aos delegados os agarimosos e fraternos saúdos dos irmandiños de Mendoza e tivo unha especial recordación pra o benquerido irmán rosarino, don Xosé Ares, alí presente, a quen os mendocinos queren tributar neste acto o seu homenaxe de respecto i afecto, por sere un auténtico veterano irmandiño, un dos bós e xenerosos que fundaron alá na nosa Terra as Irmandades da fala; vello loitador do galeguismo, participante desde a súa mocidade nas memorables batallas libradas nas xuntanzas de Lugo, da Cruña, etc., e continuador, eiquí, nas ribeiras do Plata, do mesmo movemento irmandiño, do que é fundador e constante animador.

Os asistentes adheríronse emocionados a iste homenaxe con un prolongado aplauso pra o irmán Ares.

Logo, o irmán Cacheiro Rey, pasou a esbozar o pensamento dos irmandiños de Mendoza, encol da política galeguista. Dende logo, dixo, a nosa Irmandade, desde a súa fundación, está lealmente, incondicionalmente, ao servizo do Consello de Galicia, en quen recoñece a úneca e po-

síbel autoridade galega no eisi-llo; respalda con devoción a personalidade de don Alfonso Castela, en quen vé o guieiro indiscutíbel da galeguidade, i-exalta con patreótico agradecimento, pra exemplo de todos os irmandiños de América, a os homes de Bós Aires que como don Rodolfo Prada, don Manuel Puente i-outros, forman na primeira fila das nosas forzas galeguistas, reforzando o seu prestixio, contribuíndo as súas finanzas con ilimitada xenerosidade e colaborando con serenidade, e moitas veces con heroísmo, nas actividades políticas que Castela conduce con o bon éisito de todos coñecido.

Pasou logo a referirse as verbas pronunciadas polo irmán Abraira, pra dicir que a Irmandade de Mendoza participa en teiramento do criterio de dito irmán, non soio no seu fondo, senon da súa forma enérxica, rexa e, si se quixer, agresiva, porque en Mendoza cóidase, dixo él, que xamais deberán perderse de vista aquelas verbas de Castela xa mencionadas na acta de fundación da Irmandade cuyana: "Galiza soio merecera respecto cando abandonemos a nosa mansdume". Temos, pois, que falar como fala sempre o irmán Abraira: golpeando co puño na mesa. E verdade, agregou, que dende agora en adiante os irmandiños todos teremos moito máis que facer, porque a nova etapa priváranos da presenza galvanizante do noso ilustre guieiro, i-esta ausenza ten que ser suplida, en pequena parte, con esforzos redobrados de todos os irmandiños. Estou totalmente d-acordo con o irmán Abraira en que sobre a teoría do galeguismo xa está todo dito e que o que agora se precisa é traballar, traballar e máis traballar. Pero entendo que pra facer un traballo axeitado, útil e benéfico e mester —como tamén dixo Castela— unha boa ferramenta. E coído que esa boa ferramenta podrá ser a constitución das Irmandades de América nunha soia organización dependente dunha dirección úneca, que, por estare máis preto das realidades políticas, poda orientarnos máis eficazmente e sinalarnos os camiños máis convenientes a seguir.

Acepto con ledicia a responsabilidade de redactar un breve proleuto disa organización i-agradezo profundamente a acollida favorable que todos vostedes prestaron a nosa iniciativa. Eu teño a seguridade de que, agrupados todos nun organismo ben articulado, a nosa forza innegable multiplicará seus valores, pois servirá, sin dúbida, pra

aglutinar moitísimos elementos galegos, desfarelados hoxe por toda América, que non teñen arestora o medio de encauzar os seus sentimentos galeguistas, pero que estou seguro que recibirán ledamente a oportunidade de formar parte da Gran Irmandade Galega, cando ista vaia tendo toda a vigorosidade que hoxe, a pesares do que se leva feito, aínda non é máis que potencial.

Neste senso, eu permítome suxerir que dirixamos un cordial saúdo a nova Irmandade de Río de Xaneiro, recentemente fundada, pra alentar a aqueles irmandiños a espallar noso ideal no Brasil e pídovos pra ditos ir-máns un gran aplauso pola patreótica labouira que están facendo e que augura a formazón dun organismo potente e inspirado na máis pura mística galeguista.

Así mesmo, coído que deberíase telegrafiar as Irmandades de México, Chile, Cuba e Nueva York, expresándolles noso fraterno recordo i-anticipándolles a concertazón d-este pacto de unión que hoxe firmaremos, e que eles habrán de coñecer e considerar, pra suscribilo, con as salvaxes que estimen conveniente, si aproban o noso acordo.

O irmán Cacheiro Rey terminou a súa exposición prometendo a máis entusiasta labouira por parte dos irmandiños de Mendoza e pedindo a todos que retoren as súas Irmandades repetindo as palabras de Abraira: Hay que traballar que ben poden completarse con estas outras verbas do noso gran Castela: Do noso traballo depende o benestar de Galiza.

A improvisación do irmán Cacheiro Rey foi recibida con insistentes aplausos dos delegados, quen demostraron de este xeito, non soio a aprobación dos seus conceptos, senon o optimismo que invadiu o espírito dos concurrentes, como feliz anticipo de futuros éisitos pra causa da redenzón Galega.

Falou logo o delegado de La Plata, quen o fixo en breves palabras, pra lamentar a ausencia do Presidente, irmán Xosé Núñez Búa. Non embargantes, agregou, a miña representación sirve pra suscribir sin reservas,

NIN TAN CALVO...

Un home pode ser chamado calvo porque lle falte o pelo, ou porque se apellide Calvo, ou por ambas cousas. E elo non é cousa pol-a que haxa que estrañar-se; calquera pode chegar a ser calvo, e algúns tráeno de herencia. Tamén hai algúns que son calvos ou se chaman Calvo e son masous; i-esto tampouco ten nada de particular, pois unha cousa non é incompertíbel coa outra. O que non resulta xa tan corrente e tan fácil de entender, é que un se chame republicano e masón, e sexa un franquista, aínda que se apellide Calvo ou disfrute de certas autorizacións para facer cousas que non lles están permitidas aos masóns e republicanos auténticos.

Certamente hai dereito a chamarse ou ser Calvo, máis non tanto...

dixo, este pacto de unión das Irmandades, prometendo tamén que, dentro dos lineamentos dese organismo úneco proietado, os irmandiños de La Plata han de traballar con inquebrantabel fé i-entusiasmo a prol do noso místico ideal galeguista.

O vice-presidente da Irmandade de Mendoza, don Eduardo Niel, dirixiuse a-os presentes pra esbozar un punto de vista persoal, que consideraba de máisimo interese pra todos. Referiuse o irmán Niel a necesidade de encargar o máis pronto que se poida unha boa propaganda cultural, pra difundir entre os galegos o cabal coñecemento do problema galego e a difusión axeitada do ideal galeguista. Sostuvo o irmán Niel que, aínda que se conta por miles os galeguistas de verdade, hay moitísimos galegos espallados no país, que non tiveron deica agora os medios necesarios para ilustrarse ben dos históricos dereitos de Galiza a súa independencia, e que aínda permanecían imbuídos das falsas ideas inculcadas dende as malas escolas de tipo centralista en que se educaron. Afirmou que él, por razóns da súa actividade comercial, percorre provincias enteiras arxentinas e está en contacto permanente con miles de persoas galegas, que se sorprenden cando se lles fala da no-

sa causa, e aínda manifestan incredulidade. Dixo que él comprobou repetidamente que moitos de nosos galegos non forman nas filas galeguistas, porque descoñecen totalmente a xustiza e a realidade da nosa causa, pro que cando vñanse enterando das nosas arelas manifestan o seu entusiasmo e sintense emocionados a-o sentire explicárselle os fundamentos e anseios do noso ideal. Recomenda as Irmandades que procuren crear actividades de propaganda intensa, como un medio indispensable de conquistar as finalidades do movemento irmandiño, e que sinalen no seo de cada organización grupos de irmandiños que tomen a-o seu cárrago a formazón de bibliotecas, o dictado de conferencias, a organización de concertos de música galega, d-un xeito que leven a cada espírito a satisfacción i-orgullo que debe sentir cada home que teña a privilexo de haber nacido na sacra terra dos Celtas.

Os delegados manifestaron con aplausos a aprobación que prestaban a esposición feita polo irmán Niel que será incorporado a-os acordos tomados n-esta xuntanza.

Logo de terminar todos os oradores mencionados, produxose un cambio de ideas entre os delegados, pra deixar redactadas as conclusións da Asamblea, e, despois de corto debate, o presidente da mesma, don Pedro Campos Couceiro, proclamou os acordos tomados.

Na assembleia tida o día 14 quedou nomeada a seguinte Xunta Directiva da Irmandade Galega:

Presidente	Sr. RODOLFO PRADA
Vicepresidente	" M. GARCIA ANCERANS
Secretario	" DANIEL NOGUEIRA
Pro Secretario	" VALERIANO SACO
Secretario de Actas ..	" ANTON GOMEZ
Tesoureiro	" MARCELINO LASTRE
Pro Tesoureiro	" E. LOPEZ CORRAL
Vocales	" JESUS SINDE
"	" P. CAMPOS COUCEIRO
"	Dr. FIZ ANTON FERNANDEZ
"	Sr. EDUARDO DIAZ
Suplentes	" A. FERNANDEZ PROL
"	" LEONARDO PEREIRA
"	" XOSE M. MENDEZ
"	" FLORENTINO TROITINO

MEMBROS DO C. OURENTADOR DA IRMANDADE

Dr. Alfonso R. Castela	Domingo Maza
Elpidio Villaverde	Dr. Gumersindo S. Guisande
Antonio Alonso Ríos	Luis Guede
Dr. Núñez Búa	Avelino Díaz
Manuel Puente	A. Alonso Pérez
Daniel Calzado	J. Rodríguez Seijo
Claudio Fernández	José M. Quintáns
A. Zapata García	José A. Fernández
Dr. Ramón Rey Baltar	Manuel Miñones
Manuel Picón	Claudio López

O seu TRAXE

O seu SOMBREIRO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

CELTA

FEDERICO LACROZE 4086
UNHA CASA
ENTEIRAMENTE GALEGA

Francisco Blanco

CIGARRERIA POR MAYOR Y MENOR

Av. SANTA FE 1100

U. T. 41, Plaza 0278

Déspotas insensatos,
Forrá, forrádo gallos;
Pode opalir o ferro,
Un corpo entreguado;
Mais as nobres idéas,
E gloriosos instintos...
Esas... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extinguíse!
Eduardo RONDAI

A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

CORREO ARGENTINO
Central B
FRANQUEO PAGADO
Concesión No. 2032
TARIFA REDUCIDA
Concesión No. 2727

Año XXX ★

BÓS AIRES, XUÑO 1946

★ Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

★ Núm. 448

GALICEIBE

por

ANTON ZAPATA GARCIA

I
A deusa redenzora de Galiza
—a bon e xenerosa Galiceibe—,
dempóis de cinco séculos escrava,
rogóulle ás mocedades a liberten.
Seu rogo car-á Celtia dirixindo
—vagullada a facián e tremecéndose—,
no linguaxe da Santa Rosalia,
eisí dixo, arrastrando o vil grillete:
¡O fin!, ¡o fin, ei d-irme, ¡Terra Enxoiña!
¡terra de lobicáns e viles reises,
que usurpástedes os dreitos de Galiza,
usureiros, traidores, incrementas!...

II
Na noite alumiñante da Nai Terra,
tivo fondas respostas Galiceibe:
¡Ensanguentóuse a lúa recén náda
e oubo siños nos vieiros santiagueses!...

Nos catro puntos cardinals, a arela
—lóstrego vivo da virtú, reberte—,
sintonizaron os valentes ánimos,
e os beizos repitiron: —¡Galiceibe!...
Espallada no mundo a verba xurdia,
fruitificou, prolífica, a semente;
e as campías, os mares e as montañas,
¡e hastra os mortos!, marmuraron: —¡Gali-
ceibe!...

III
Na mañán renacente de Galiza,
todo canta, sospira e arrecende,
ó voltar do desterro de Castela
a deusa dos galegos: Galiceibe.
Canta a bris: —¡Galiceibe!— polos agros,
recendendo a roméu e chuchameles,
e, ó seu paso, brandéndose os trigaes
as espigas debullan: —¡Galiceibe!...

—¡Galiceibe!— do vento nos pinales
o zoar rumoroso fai as preces,
e nas furnas e praías de Briganza
as ondas cantarexan: —¡Galiceibe!...
Divinales labercas, revoando,
os seus tríos afóndanse no ambiente,
semellando as leliás redenzoras:
—¡Galiceibe!, ¡rexurde!, ¡Galiceibe!...

Nos seus craros cristaes canta o Miño:
—¡Deus Fratresque, Gallaeiae, Deus Fra-
[tresque!,
respostándolle as fontes e os regatos
co-a diviña parola: —¡Galiceibe!...

Bica o sol no cumial do Pico Sagro
a bandeira galega, branca e céste,
nos seus plegues a estrela e o fouciño
vencellados co-a verba: ¡Galiceibe!...

IV
—¡Terra Nosa, benzoada!; Sempre forte!—
nos casales petrucios, só se sente;
e as campás das igrejas repinican
un hosamna galego: —¡Galiceibe!...

Xa chegou noso día, ¡meu filliño!—
canta a nai garimosa xunt-ó berce;
e arrolando ó seu anxo, cantarea,
silandeira, amodiño: —Ga... li... cei... be...

—¡Galiceibe!, ¡a luitar!—, o povo agrúa,
en falanxes ergueitas que non tremen
diante ós lobos da Terra de Castela
que outra farta d'escravos xa non teñen...

V
Terra Nai ben querida, Santa e Márter,
que dos fillos estimas ser reberte,
¡miña vida che dera por ollarte
xa liberta de todo... ¡Galiceibe!...

Bós Aires, Maio 1935.

Cando Seia o Memento

Este ano que corre ten que
marcar o fin do franquismo en
Hespaña de xeito indudable. Non
nos estrevenos a vaticinar se
tal fin virá en forma pacífica,
sin derramamento de sangue, ou
virá por medio de outra loita
cruenta como aquela que levou a
Franco i-á Falanxe ó poder. Coi-
damos, non embargantes, que
quizabes non será posibel facer
sair do goberno pol-as boas a
ese fato de canallas que o toma-
ron por asalto e coidamos que
habrá que botar man das ar-
mas pra desfacerse da turba fei-
xista e que volte o país á prena
posesión da súa soberanía.

Seia d-un ou d-outro xeito o
positivo é que o réximen de
Franco pouco ten de durar e
como a súa caída ten de ser to-
tal e pode vir por sorpresa, fai
falla que nós, os galegos todos,
nos atopemos despostos a unha
aución inmediata de xeito que,
nos primeiros intres da trasfor-
mación política na Hespaña, poi-
damos botar man de todos os no-
sos recursos pra impoñer axiña
o réximen autónomo na nosa te-
rra de maneira que elo seia como
un feito consumado e non haxa
posibilidade de que nos queiran
regatear os nosos dereitos.

Dende logo é cousa segura que
os galegos de prestixio, as per-
soas de responsabilidade que se
topan ó fronte do movemento ga-
leguista, xa saben o que teñen
que facer e compriran o seu de-
ber cando chegue o intre das
grandes decisións, pro, nós, os que
somos simpres soldados da cau-
sa galega, aínda que non teña-
mos responsabilidade de dirixen-
tes, temos a obriga de estar pre-

parados pra emprestar a axuda
que nos seia requerida i-autuar
coa máisima celeridade.

A República logo volverá a
ser imprantada na península i-a
Autonomía de Galicia debe ser
instituída ó mesmo tempo, sin
agardar decisións extrañas ou
alleas que poden vir máis cedo
ou máis tarde ou, tamén, poden
tratar de furtarnos unha vez
máis ("qué fai un cesto fai
cento") o noso dereito á liberda-
de política. As decisións i-á au-
ción teñen que ser nosas sin
agardar consello nin axuda de
naide nin ter en conta a opinión
foránea máis que n-aquello que
teña relación co desenvolro da
vida común dos povos ibéricos.

A República logo volverá e ta-
mén hai que ter en conta que se-
guramente non será como foi
aquela do 1931. Agora terá de
ser un pouco máis avanzada e,
sobretudo, máis axetada á rea-
lidade dos tempos en que vivi-
mos. Hastra pode ser que non
seia a República dos republica-
nos tradicionais e que seia algo
máis que unha República ó uso.
Tamén temos que prever esa po-
sibilidade e buscar de non que-
dar rezagados en canto ás rea-
lizacións que haxa que poñer en
práctica. D-el-as son as premisas
que temos pranteiadas agora;
ent-el-as as máis esenciais son:
ter as armas na man, aporveitar
a oportunidade cando se presen-
te, prever os acontecementos pra
poñerse a tono co que veña, sem-
pre que seia a República, aínda
que seia muito máis avanzada
do que puidéramos haber sos-
peitado. Con ela virá a liberdade
do noso povo.

RUBINDO.


Carta en Defensa Dos Galegos

Contestando aos ataques que o frade portuguez Bernardo
le Brito fixera aos galegos, o ilustre conde de Gondomar,
Don Diego Sarmiento de Acuña, movido do celo patriótico que
o animaba, escribiu a mañífica carta que mais abaixo tras-
cribimos. Ela foi dirixida ao seu gran amigo Don Antonio de
Prada, que era segredario do rei Felipe III, a quen repre-
sentaba en Londres, como embaixador, o citado D. Diego.
Todol-os galegos deben conocela e meditar sobor do seu
contido.

Meu señor verdadeiro: énas cartas
tenho de vosa merced de dez de no-
vembre e de onse de decembre, por-
que viejo a suas maos moitas infini-
tas veces.
Mucho me consuela v. md. con de-
cirme que andan cariacontecidos los
censurinos, pues así como es dicha te-
ner por amigos a los buenos, lo es no
sello de los malos. La vejez y el desen-
gaño haume puesto ya en estado que
sólo el morir cristiano y como fidalgo
galego desee, y juro a v. md. señor
miño, eu pienso que no hay monasterio
de cartujos donde se aprenda lo que
ahí, porque se ve a un tiempo lo bue-
no y lo malo, aunque tan desiguales
en número como en todo lo demás; y
así digo muchas veces a mi gente que
habían de venir aquí los hombres pa-
ra sólo aborrecer la herejía viendo
torpezas y desatinos, y tan descon-
tentos a los que la siguen, llenos y
abundantes de todo lo de la tierra; y
por otra parte, ver a los verdaderos
católicos, llenos de persecución y de
trabajos, tan alegres y consolados, que
cierto edifica y enseña lo que puede
la verdad. Esto lo verá v. md. par-

pol-o
Conde de Gondomar

comendar aquí a Dios en particular,
cuando supimos que estaba mala en
Lerma.
Pésame en el alma de los dolores y
persecución del conde de Salinas, por-
que es buen caballero, y por que le
quiero bien y se lo debo; así suplico



a v. md. que, por lo que asimismo le
debe, le haga merced en lo que se le
ofrezca.
Ternisimamente me ha lastimado la
muerte de D. Diego de Castro, porque
era un ángel, y por ser hermano del
señor D. Rodrigo de Castro, que ni en
Galicia, ni en Castilla, ni en el mundo
hay mejor caballero, y sólo él basta
a honrar nuestra nación (tal creo en
mi conciencia); y para que sea dis-
parate y borrachera y mentira lo que
dice fray Bernardo de Brito, y como
tal, es bien que el libro se recoja y
se quemé; y si no hubiere quien lo
pida, yo solo lo pediré; que menos di-
jo el fiscal Juan García de los vizeni-
nos, y se lo hicieron borrar.

Pues ¡qué nación en el mundo ha-
dado en su profesión caballero como el
comendador Andrés de Prada, secre-
tario del Consejo de Estado de Su Ma-
jestad! ¡Qué virreyes ha tenido Ná-
poles como los condes de Lemos, ni
las Indias como el conde de Monterrey!
Hoy servimos a Su Majestad tres em-
baixadores gallegos, gallego prendió al
rey Francisco de Francia en Pavía.
Alfonso Pita de Veiga; gallego ganó
a Córdoba, Hernán Núñez de Temez,
cuyo nieto fué el Gran Capitán Gon-
zalo Fernández de Córdoba; y así un
gallego ganó a Nápoles; otro gallego
conquistó a Jaén, Men Rodríguez de
Biedma, cuyo descendiente es hoy día
el conde de Santisteban; gallegos con-
quistaron y ganaron el Andalucía, y
así tienen hoy en ella la mayor parte
sus descendientes los Córdoba. Agui-

lares, Figueroas, Riberas, Saavedras,
Godoyes, Sotomayores y otros muchos.
Gallego ganó el reino de Murcia, Pe-
dro Gallego Fajardo, cuyo nieto es hoy
el marqués de los Vélez. Gallego era
el adelantado don Diego Sarmiento, mi
octavo abuelo, que sólo él osó decir en
el Consejo al rey D. Pedro que hiciese
vida con la reina doña Blanca y dejase
a doña María de Padilla, y quitase la
gobernación del reino a sus parientes
que lo tiranizaban. Gallego era D. Fer-
nando de Castro, cuyos valerosos he-
chos son bien notorios, y por ellos y su
lealtad, habiendo muerto aquí, en In-
glaterra, el año de 1366, se puso sobre
su sepultura: "La lealtad de España
y la honra de Galicia". Gallego, señor
de la casa de Figueroa, libertó a Cas-
tilla y a León del infame tributo de
las cien doncellas. Gallego fué Payo
Gutiérrez, que ganó la ciudad de Lje-
boa a los moros; fué hijo de D. Gu-
tiérrez Páez conde de la Limia, en Ga-
licia, y fué a servir al rey don Alfon-
so el primero de Portugal, que le dió
en aquel reino grandes estados y el
apellido de Acuña, de que descienden
tantos grandes señores y caballeros en
España. Gallegos son toda la nobleza
y conquistadores de Portugal, y los
que no descienden de gallegos descienden
de moros, porque en aquellas co-
marcas no había otras gentes; ni el
conde D. Enrique, ni el rey D. Alfonso
el primero, su hijo, las llevaron de
otras partes más que de la parte de
Entre-Duero y Miño, que era Galicia,
y la apartó el rey. D. Alfonso el sexto

(CONTINUARA)